

“A primeira e máis importante consecuencia dos principios anteriormente establecidos é que só a vontade xeral pode dirixir as forzas do Estado segundo o fin da súa institución, que é o ben común: porque si a oposición entre os intereses particulares fixo necesario o establecemento das sociedades, é o acordo entre eses mesmos intereses o que o fixo posible. O que hai de común neses intereses diferentes é o que forma o vínculo social, e se non houbera algún punto no que todos os intereses concordaran, ningunha sociedade podería existir. Agora ben, é unicamente en razón dese interese común como debe ser gobernada a sociedade.

Digo, pois, que non sendo a soberanía máis que o exercicio da vontade xeral, xamais pode enaxenarse, e que o soberano, que non é máis que un ser colectivo, non pode ser representado máis que por si mesmo...”

(Rousseau. Do Contrato social. Lib.II)

- a) Explica o termo *vontade xeral* en función do texto. Que se entende por *vontade* e por que esta é *xeral*? Serías capaz de dar conta da distinción netamente rousseauniana entre a *vontade xeral* e a *vontade de todos*?
- b) Que significa a expresión *soberanía* mencionada no fragmento?, por que afirma o autor que é “o exercicio da vontade xeral”?, por que sostén que o soberano é “un ser colectivo”?
- c) Explica a expresión *enaxenación*, *enaxenarse* que figura no texto proposto. Que é aquilo que non pode ser enaxenado?, por que razón?